

III CONCURSO DE RELATOS EROTICOS “PUNTO E SEGUIDO”

“CÓXEGAS”

-¡Cóxegas! Fasme cóxegas, mmmm...

A suavidade das... ¿plumas? recorre o meu costado continuando un lento e excitante descenso.

Atópome cos ollos vendados, completamente a mercede do meu “torturador”.

Xa chegou ate os meus xeonllos, acariciándomos con esa doce tortura...

PARA. Intento revolverme pero as esposas que me encadean a cabeceira da cama impidenmo. Non sei que fará conmigo a continuación. Un formiguelo de emoción recorre o meu ventre...

¡¡FRÍO! Un xeo deslízase polo meu pescozo. Noto una gota xeada baixar entre os meus peitos. Suspiro de pracer cando xoguetea cos meus pezóns e continua baixando... detense, xusto cando desexaría que continuase. Frío, dor, excitación son un.

DOCE... demasiado doce, tan doce que empalaga. Doce de leite nos meus beizos que él saborea coa sua lingua. Doce de leite no meu ventre que recolle a bicos...

Que pare. Que siga. Que pase a máis. Que me continue sorprendendo...

CARICIAS. Caricias por todo o meu corpo, lentas, suaves, de arriba abaixo, de abaixo arriba, deténdose nos puntos exactos só uns segundos de máis.

Sabe que me ten, que son súa pero continua co seu xogo. Eu só son un simple peón nas suas mans...

CLIC CLAC. ¿Fotografía?

- ¡¡¿¿Estasme a sacar fotos??!!
- Si - Aínda sen velo noto o seu sorriso pícaro.
- ¡¡¡Pero como te atreves!!! - Intento soltarme. É imposible. El sabeo e segue xogando
- Estás preciosa, pero como non pares quieta van sair un pouco movidas.

Intento finxir enfado pero acabo posando...

- Es miña e sei o que che gusta- susúrrame o oído.

Gala no meu abultado ventre revolvese dándolle a razón o seu pai.